

REGULAMENTO INTERNO DE CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN NEGOCIADORA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DO ARTIGO 45 A) DA LEI 16/2010.

O artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, obriga a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, en consecuencia, a adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes mediante a elaboración e aplicación dun plan de igualdade, que deberá negociar e, se é o caso, acordar coas persoas representantes legais dos traballadores e traballadoras na forma que determine a lexislación laboral.

Pola súa parte, o artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, adopta o principio de igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral nas Administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación e elaborar e aplicar un plan de igualdade que se desenvolverá no convenio colectivo ou acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable. Neste sentido, o artigo 152 da mesma norma constitúe na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos para todas aquelas materias e condicións de traballo común ao persoal funcionario, estatutario e laboral.

Artigo 1. Constitución e funcións da Comisión Negociadora de Igualdade

Constitúese, no ámbito de actuación definido no artigo seguinte, a Comisión Negociadora de Igualdade como un órgano paritario e colexiado no que participan a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Empregados Públicos. Terá por finalidade velar polo respecto da igualdade de trato e de oportunidades no contorno laboral da Administración Xeral, podendo con tal fin adoptar medidas, negociadas e se é o caso acordadas, dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes.

Para atender aos ditos fins, a Comisión Negociadora de Igualdade disporá das seguintes funcións:

- Elaborar unha diagnose negociada, previa ao plan de igualdade, da organización desde a perspectiva de xénero. A Comisión Negociadora de Igualdade elaborará e aprobará un informe final que conteña as conclusións extraídas dos datos recollidos e analizados .
- Realizar unha proposta de plan de igualdade, en base ás conclusións extraídas da diagnose. O plan deberá conter:
 - Obxectivos concretos que afronten as posíbeis desigualdade que se detectaran a través do diagnóstico previo.
 - Accións concretas enmarcadas dentro da cada obxectivo destinadas a súa consecución, así como os seus prazos de execución, as persoas con departamentos responsables do seu desenvolvemento e o/s seu/s indicador/es.
 - Prazos, mecanismos e recursos de implantación.
 - Seguimento e control do plan de igualdade.
 - Forma de avaliación intermedia e final.
- Realizar o seguimento semestral da aplicación do plan de igualdade de oportunidades.
- Traballar no tratamento e prevención do acoso sexual e acoso por razón de sexo dentro da organización.
- Todas aquelas que se deriven ou se concreten no momento de aprobación do plan de igualdade.

Artigo 2. *Ámbito de actuación da comisión*

1. *Ámbito persoal:*

a) Persoal empregado público (persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral e persoal eventual) que desempeña funcións retribuídas ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, de conformidade co

establecido no artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

b) Persoal directivo e altos cargos pertencentes á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra a) do artigo 45 da citada Lei 16/2010.

c) Non están incluídos dentro do ámbito de actuación da comisión, o persoal docente non universitario, as persoas empregadas ao servizo da Administración de Xustiza, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 3. Composición.

A Comisión Negociadora de Igualdade será paritaria, procurará acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes e estará integrada por representantes da Administración Xeral, dunha parte, e representantes de cada unha das organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Empregados Públicos en igual número, doutra, cun máximo de tres representantes por organización sindical.

As organizacións sindicais presentes na Comisión Negociadora de Igualdade poderán contar, previa comunicación ao resto das persoas integrantes, coa presenza nas reunións de persoas expertas en materia de igualdade entre mulleres e homes. Estas persoas expertas terán voz pero non voto.

A Presidencia da Comisión Negociadora de Igualdade será ostentada pola persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública que poderá delegar a mesma en, calquera das persoas titulares das Subdireccións Xerais do devandito centro directivo.

A secretaría corresponderá á persoa designada pola Administración xeral de entre persoal que preste servizos nela.

Artigo 4. Funcionamento e organización da Comisión Negociadora de Igualdade

- a) A Comisión reunirse con carácter ordinario ou extraordinario. As sesións ordinarias terán lugar, como mínimo, mensualmente. Serán reunións extraordinarias aquelas que se convoquen con tal carácter, a instancia da Administración ou das Organizacións Sindicais. As solicitudes de reunións extraordinarias a instancias da parte social deberán contar co respaldo da maioría e conter a proposta de puntos para incluír na orde do día.
- b) Para a válida constitución da Comisión, a efectos de celebración de sesións, requirirase a presenza da metade máis unha de cada unha das representacións. A reunión poderá celebrarse de xeito presencial ou telemática.
- c) Correspóndelle á Administración a convocatoria de todas as xuntanzas da comisión. As xuntanzas ordinarias convocaranse cunha antelación mínima de 5 días hábiles antes da celebración da sesión. As extraordinarias convocaranse cunha antelación mínima de 48 horas a través dun medio fiable que garanta a súa recepción.
- d) Na convocatoria figurará a orde do día, lugar, data e hora da reunión. Así mesmo incluírase, de ser o caso, a copia da acta correspondente á sesión anterior, que especificará as persoas asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou e o contido dos acordos adoptados. Os asuntos non tratados, quedarán incluídos de xeito automático na orde do día da seguinte sesión ordinaria.
- e) Non deberá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes a maioría das persoas representantes da Comisión e sexa declarada a urxencia polo voto favorable da maioría das persoas presentes.
- f) Os acordos requirirán o voto favorable da maioría das persoas representantes presentes, coa ponderación da representación sindical que resulte da composición da Mesa Xeral de Empregados Públicos. Deberá facerse constar as organizacións sindicais asinantes do acordo.

- g) A Administración está obrigada a poñer todos os medios materiais e humanos necesarios para o adecuado funcionamento de Comisión e o desempeño das súas funcións.

Artigo 5. Adaptación e modificación do regulamento

1. O presente regulamento poderá ser adaptado e modificado por acordo da maioría absoluta dos seus membros, por proposta de calquera das partes que a integran.
2. Calquera disposición legal ou regulamentaria que afecte ao contido das materias obxecto de negociación do presente Plan de Igualdade, será adaptada ao mesmo pola Comisión.

Artigo 6. Confidencialidade

As persoas que integran a Comisión Negociadora, así como, no seu caso, as persoas expertas que asistan deberán gardar en todo momento o deber de sigilo con respecto a aquela información que lles fora comunicada expresamente con carácter reservado.

En todo caso, ningún documento facilitado pola Administración a esta Comisión poderá ser utilizado fóra do ámbito daquela nin para fins distintos dos que motivaron a súa entrega.

Disposición derradeira. *Aprobación e entrada en vigor*

1. A Comisión Negociadora de Igualdade entrará en funcionamento a partir da data na que se aprobe pola Comisión Superior de Persoal este regulamento interno de funcionamento.
2. Logo de finalizado o proceso de negociación e aprobación do Plan de Igualdade, esta Comisión constituirase en Comisión de Seguimento, sendo a encargada da avaliación, seguimento da implantación e corrección das medidas adoptadas, de ser o caso. Levando a cabo a avaliación periódica das medidas implantadas e da revisión íntegra na metade da vixencia do Plan.

3. Esta Comisión terá composición paritaria entre a Administración e as organizacións sindicais asinantes do Plan de Igualdade. Esta Comisión reunirase ordinariamente trimestralmente e con carácter extraordinario de conformidade co disposto no artigo 4 deste regulamento.

4. Unha vez vencida a vixencia deste Plan a Comisión seguirá funcionando entanto non se constituía unha nova para a negociación do seguinte Plan de Igualdade.

5. O funcionamento tanto da Comisión Negociadora como da Comisión de Seguimento axustaranse ao disposto na Sección terceira do Capítulo I do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e polo disposto nos artigos 15 ao 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.